

CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MATERIAIS propostos no curso«Ensinar o Holocausto» (EoH, 2016-2017, Platega da C. de Educación)
Comprensión da xénese e da evolución histórica das políticas de exterminio e prácticas xenocidas do totalitarismo nazi no seu desenvolvemento cronolóxico e na súa variabilidade xeográfica e política.	Comprender, analizar e desenvolver o acontecemento do Holocausto (1933-1945) para poder contextualizar e dar conta dos conceptos e dos argumentos presentados nas fontes primarias e secundarias establecidas.	Comprende as causas que levaron a Europa a caer no xenocidio. Contextualiza a emerxencia do totalitarismo en Europa.	<u>Lecturas:</u> - 4º ESO: Anacos de <i>Auschwitz explicado á miña filla</i> seguindo a proposta de aplicación didáctica que xuntamos. - 1º Bach: Lectura en horario extraescolar dos capítulos I e II da <i>Historia da Shoah</i> de G. Bensoussan. <u>Materiais audiovisuais</u> usados en ambos os dous niveis: divididos en grupos, o alumnado de cada grupo-aula visionará en horario extraescolar un dos seguintes documentais: - Mordechai Gebirtig Vida Yiddish - Renee Molho. Unha librería en seis capítulos - 1492. o outro camiño - Guler Orgun <u>Traballo na aula:</u> o alumnado procurará información sobre o antisemitismo en Polonia en en Franza. Un membro de cada grupo escollido pola persoa docente exporá na aula unha síntese argumental do mesmo, o que aprenderon e as dúbidas que lles suscitou. Finalmente elaborárase unha listaxe sintetizando as achegas de cada grupo neses dous ámbitos.
Exploración a partir da análise das diferentes fontes documentais das respostas dos actores do acontecemento: - vítimas - perpetradores, - espectadores/<i>bystanders</i>.	Comprender o papel do perpetrador do Holocausto para que non se volvan repetir fenómenos similares. -Entender o sentimento de exclusión da humanidade das vítimas durante a persecución/quetización/ nazi. -Comprender o papel do perpetrador e do <i>bystander</i> no exercicio de dano cara á vítima. -Analizar o papel do <i>bystander</i> como un suxeito cuxa pasividade culpable ou actuación, cambia a percepción da propia dor da vítima.	Le, comenta e recoñece a información relevante sobre os actores do Holocausto, a través da bibliografía, canda a súa posterior organización sistemática e xestión a través das TICs.	<u>Lecturas:</u> - 4º ESO: Anacos de <i>Auschwitz explicado á miña filla</i> seguindo a a proposta de aplicación didáctica que xuntamos. - 1º. Bach: Lectura en horario extraescolar dos capítulos III e IV da <i>Historia da Shoah</i> de G. Bensoussan. - Na aula común para ambos os dous niveis: fragmentos do apéndice de 1976 a <i>Si esto es un hombre</i> de P. Levi. <u>Proxección</u> da entrevista de Lanzman ao verdugo de Treblinka Fanz Schuchomel. <u>Traballo na aula</u> con fotos dos guetos e textos complementarios, seguindo as propostas fornecidas, con cartas póstumas de vítimas do holocausto , coa Visita virtual a Auschwitz e cos documentos referidos ás expresións culturais, aos trasportes nos guetos para ofrecer ao alumnado unha visión integral da difícil supervivencia nos guettos e da colaboración dos Judenräte e das policías dos guettos. <u>Proxección na aula</u> de imaxes do libro <i>A historia de Erika</i> (R. Vander Zee & R. Innocenti, Kalandraka) e de imaxes dos campos de Treblinka e de tránsito en Franza para provocar a reflexión escrita individual entre o alumnado: deberán producir un texto seguindo o estándar de aprendizaxe indicado ao tempo que escoitamos o 2º movemento (lento e largo, tranquilísimo) da Sinfonía nº 3, op. 36, das Lamentacións de H. Gorecki.
Observación e valoración desde unha perspectiva transdisciplinar do vínculo entre Comunicación, Transmisión e Memoria na xestación de figuras xurídicas coma as de crimes de lesa humanidade. -Potenciación da capacidade reflexiva e crítica sobre o rol social da transmisión da Memoria. -Lectura e Comentario de fragmentos significativos de testemuños de superviventes en diferentes formatos.	Interpretar documentos audiovisuais significativos onde se representan a orixe e a evolución das figuras xurídicas de dereito internacional penal. -Interpretar obras significativas da Literatura do Holocausto relacionando a súa forma e contido coa ideoloxía dominante do momento en que se produciron.	Establece relacións significativas entre os documentos das diferentes disciplinas na constitución dunha xurisdición universal. Interpreta determinadas obras da Literatura do Holocausto especialmente significativas polo momento en que se escribiron e relaciónas cos testemuños de superviventes noutro formato	<u>Lecturas:</u> 4º ESO: Anacos de <i>Auschwitz explicado á miña filla</i> seguindo a a proposta de aplicación didáctica que xuntamos. - 1º. Bach: Lectura en horario extraescolar dos capítulos V e VI da <i>Historia da Shoah</i> de G. Bensoussan. <u>Proxección na aula</u> e comentario da historia de amor de Obadia Baruj salientando o valor de testemuños autobiográficos como este, o de Primo Levi, Mercedes Núñez e outros superviventes dos lager. Pode aplicarse a proposta didáctica de uso deste ou outros testemuños nas aulas de secundaria que ofrece Yad Vashem. <u>Traballo na aula</u> cos mapas das comunidades xudeas na Europa de entreguerras, da expansión territorial do III Reich, os guettos e os campos de exterminio para que o alumnado perciba as dimensións da Solución Final e a terrible perda que supuxo a nivel demográfico e cultural para Europa. <u>Proxección na aula</u> de imaxes rescatadas por Francisco Boix en Mauthausen e de secuencias de Shoah de Lanzmann, para reflexionar despois sobre as políticas de memoria encol dos xenocidios perpetrados polos nazis, o colaboracionismo nos diversos estados e os xustos das nacións como as irmás Touza de Ribadavia, os diplomáticos españois, Irena Sendler e outros que xa están recoñecidos ou en proceso de investigación.
Observación das bases sobre as que se construíron os discursos e prácticas antisemitas, racistas,	Valorar o respecto e a tolerancia cara á identidade do <i>Outro</i> , eliminando os prexuízos e estereotipos establecidos.	Comenta os discursos excluíntes de diferentes épocas describindo a súa	<u>Lectura</u> en 4º ESO e 1º Bach: en horario extraescolar do capítulo VI e das conclusións de <i>Historia da Shoah</i> de G. Bensoussan. <u>Proxección e comentario na aula</u> do documental Matilda Kalef. Tres promesas para explicar a Segunda Guerra Mundial

xenófobas, homófobas, sexistas, clasistas e excluíntes.		evolución e as súas formas.	dende a perspectiva das vítimas, porque as imaxes que achega propician a reflexión sobre os diversos discursos que favoreceron o antisemitismo e o xenocidio do pobo xudeo ante a pasividade de cidadáns e das cancelleirías. Lectura na aula da historia de Jana Gofrit (Quería volar como una mariposa) e traballo seguindo a proposta de Yad Vashem fornecida para este curso.
Concienciación da singularidade do Holocausto nazi. Promoción dun espazo de discusión e intercambio sobre as implicacións universais das violacións dos dereitos humanos.	Recoñecer a problemática moral que representou o Holocausto para a humanidade. -Comprender e recoñecer a vixencia e a importancia da Declaración dos Dereitos Humanos.	Recoñece a singularidade do Holocausto e compáraos outros xenocidios.	<u>Lectura</u> en 4º ESO e 1º Bach: do capítulo relativo aos xuízos de Nuremberg do libro <i>Un animal chamado néboa</i> , <u>Traballo na aula</u> con secuencias das películas <i>Xuízos de Nuremberg</i> (S. Kramer, 1961) e do xuízo a Eichmann en Xerusalem. O alumnado procurará información na Rede sobre o xenocidio armenio, o dos hutus e tutsis en Ruanda e as políticas de segregación aplicadas polo Estado de Israel á poboación árabe de Palestina para elaborar unha narrativa final sobre as características comúns dos xenocidios e a singularidade da Shoah.